

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 29 de xaneiro de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xaneiro de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), de clave LU/19/165.10.*

**Antecedentes:**

Con data do 4 de maio de 2022, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 86 o Anuncio do 22 de abril de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), de clave LU/19/165.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

**RESOLVO:**

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xaneiro de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), de clave LU/19/165.10, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que lle pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2024

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

#### ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xaneiro de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), de clave LU/19/165.10**

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros, de clave LU/19/165.10, coas seguintes modificacións respecto ao trazado sometido a información pública:

- Engadirase nos proxectos construtivos un ramal de entrada dende a LU-540 a Oourol, en sentido Cabreiros-Viveiro, no contorno do p.q. 15+380, de xeito que o sentido de circulación do antigo trazado da estrada LU-540 sexa de saída de Oourol, para que o núcleo urbano conte cunha entrada e unha saída pola súa vertente sur.
- No proxecto construtivo reducirase a expropiación e, polo tanto, a afección a terceiros, no contorno da intersección proxectada no p.q. 16+100.
- Na redacción do proxecto construtivo incluírase ao paso do trazado pola zona da Gañidoira, un peche perimetral da infraestrutura e pasos canadenses nos accesos para tratar de evitar no posible o acceso de fauna á estrada.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado de mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro-Cabreiros), de clave LU/19/165.10.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Muras, Oourol, Viveiro e Xermade, nos que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben



ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: 7kmpet82-u0t1-7uw4-coe8-hay7e9i0hmv0

